

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL


PREVENCIÓN DE RISCOS NO

TRACTOR



XUNTA DE GALICIA

PREVENCIÓN DE RISCOS NO TRACTOR



Autoría:

Gema Bertoa Veiga e Esther Varela Cerdeira
Técnicas superiores en Prevención de Riscos Laborais

Coordinación:

Subdirección Xeral Técnica e de Planificación do ISSGA

Edita:

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga)
Edificio Igape-Issga - 3ª planta. Complexo Administrativo de San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
issga.xunta.es

Deseño e Maquetación:

Juli Molares

Depósito Legal

DL: C 1365-2017 - Decembro, 2017



Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace:
issga.xunta.gal

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4.0 España de CreativeCommons.
Para ver unha copia da licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES


PRECAUCIÓN PRECAUCIÓN PRECAUCIÓN



1. CIRCULA

SEGURIDADE VIARIA

- Os vehículos agrícolas que circulen polas vías públicas estarán **homologados e matriculados**.
- **Permiso de conducir:**
 - Xeral: permiso clase B.
 - Licenza de condución (idade mínima 16 anos) cando: a masa ou as dimensións dos vehículos agrícolas non excedan as máximas autorizadas; e a velocidade máxima por construción non exceda 45km/h.
- **ITV:** exento os 8 primeiros anos, bienal de 8-16 anos, e anual a partir dos 16 anos. Excepto motocultores, motoaixadas etc. que non é obrigatoria a ITV.
- **Cumprir as normas de circulación:** velocidade axeitada, sinalización da maquinaria diurna e nocturna etc.
- **Respectar o número máximo de pasaxeiros** do vehículo indicado polo fabricante.
- Dispoñer dos **elementos de seguridade viaria obrigatorios e en bo estado:** espello retrovisor esquerdo, sinalización luminosa: xirafa (v-2) e limitación de velocidade (V-4) etc.
- Na **vía pública**, de ser o caso, levar a **máquina en posición de transporte**.






2. MANTÉN

PROTECCIÓN DA TOMA DE FORZA (TDF) E DO EIXE CARDÁNICO

- Dispoñer dos **elementos de protección** (protector da TDF, protector do eixe cardánico e protector das xuntas cardán) **en bo estado e colocados axeitadamente**.
- **Enganchar o eixe cardánico** coa TDF desconectada, o motor apagado e a chave de arrinque de tractor sacada.
- **Non levar roupa frouxa nin o pelo solto**, non permanecer próximo á toma de forza e ao eixe cardán en movemento.
- **Non subir ao tractor** apoiándose na coiraza protectora nin ir subido nela co tractor en marcha.
- **Antes de baixar do tractor**, desacoplar a TDF, poñer o tractor no punto morto, accionar o freo de estacionamento, apagar o motor e retirar a chave do contacto, sempre que sexa posible.






3. EMPREGA

PROTECCIÓN DO TRACTOR FRONTE Á ENVORCADURA

- Dispoñer de **estrutura homologada de protección** (cabina, pórtico ou bastidor).
- Empregar o **cinto de seguridade** cando o tractor dispoña de estrutura homologada de protección.
- Realizar un **mantemento axeitado das proteccións**.

PRECAUCIÓN PRECAUCIÓN PRECAUCIÓN







4. DISPÓN

MEDIDAS FRONTE Á ENVORCADURA

- Circular a **velocidade axeitada**.
- En **pendente e camiños en mal estado** extremar as precaucións.
- Non efectuar **viraxes bruscas**, principalmente se se vai cun apeiro arrastrado (remolque, cisterna de xurro etc.)
- Non forzar se existe **resistencia ao avance**.
- Non retirar o **parafuso fusible** dos arados, e se é necesario retiralo, introducir outro de iguais características.
- Abater **as estruturas de protección** (exemplo: pórtico) **só nos casos imprescindibles** (invernadoiros, baixo árbores etc.) e sempre cun manexo adecuado e seguro.
- Seleccionar adecuadamente os **apeiros** que se vaian enganchar ao tractor.
- Empregar o **peche do bloqueo dos freos** en circulación e transporte co fin de pisar os freos simultaneamente.
- Se se produce unha **envorcadura**, o conductor permanecerá dentro do tractor e agarrarase fortemente ao volante ou a algunha asa. **Nunca saltar cara ao exterior**.





ISSGA - Servizos Centrais

Edificio Igape-Issga - 3ª planta
Complexo Administrativo de San
Lázaro
15703 Santiago de Compostela

Tel: 981 957 018 - Fax: 881 999 433
Email: issga@xunta.gal

Centro ISSGA da Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, nº 8
15006 A Coruña

Tel: 981 182 329 - Fax: 981 182 332
Email: issga.coruna@xunta.gal

Centro ISSGA de Lugo

Ronda de Fingoi, 170
27071 Lugo

Tel: 982 294 300 - Fax: 982 294 336
Email: issga.lugo@xunta.gal

Centro ISSGA de Ourense

Rúa de Villaamil e Castro, s/n
32872 Ourense

Tel: 988 386 395 - Fax: 988 386 222
Email: issga.ourense@xunta.gal

Centro ISSGA de Pontevedra

Camiño Coto do Coello, nº 2
36812 Rande - Redondela
Pontevedra

Tel: 886 218 100 - Fax: 886 218 102
Email: issga.pontevedra@xunta.gal

issga.xunta.gal



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galiçia



PRECAUCIÓN PRECAUCIÓN PRECAUCIÓN
PRECAUCIÓN PRECAUCIÓN PRECAUCIÓN
PRECAUCIÓN PREVENCIÓN PRECAUCIÓN



XUNTA
DE GALICIA